



O SALÓN

XIX SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

Mulleres de conto

Do 6 ao 29 de abril de 2018
Pazo da Cultura de Pontevedra
www.salondolibro.gal

MÉXICO
PAÍS CONVIDADO

O SAL ÓN

Mulleres de conto

Con esta temática queremos dar unha merecida homenaxe ás mulleres que conforman o mundo da literatura infantil e xuvenil, do libro e da lectura:

Escritoras, ilustradoras, nais, madrastras e avoas que contan contos para ir durmir, editoras, narradoras, mestras, bibliotecarias, libreiras, mediadoras, impresoras, distribuidoras, encadernadoras, deseñadoras, tradutoras, xornalistas, animadoras, xestoras, investigadoras, protagonistas (que loitan por dárle a volta ao conto), personaxes eternamente secundarias, fadas e princesas (que non o queren ser), mouras, sereas, bruxas, lavadeiras, e tantas outras!

E, dun xeito moi especial, á nosa muller de conto máis querida: María Victoria Moreno, que tivo coa nosa lingua e a nosa cidade unha verdadeira historia de amor.



HORARIO

De luns a xoves: De 17:00 a 20:00 h

Os venres: De 17:00 a 20:30 h

Os sábados e domingos: De 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:30 h

○ Recinto Feiral estará pechado os días 27, 28 e 29 de abril

INSCRICIÓNS NAS ACTIVIDADES

A inscrición é presencial. Achégate para apuntarte ás actividades que requiran inscrición previa no horario de apertura do Salón. **Ata esgotar as prazas.**

Algunhas actividades requiren inscrición previa por outras vías. Consulta no programa a maneira de inscribirte en estas actividades especiais.

LEMBRA!

VENDA DE ENTRADAS *

No vestíbulo do Auditorio do Pazo da Cultura 1 hora antes de cada función. e de maneira anticipada na billeteira Central da Casa da Luz desde o luns da semana na que se celebra o espectáculo.

As entradas para espectáculos celebrados na **sala de obradoiros** venderanse unicamente na porta de acceso a este espazo desde unha hora antes. Estes espectáculos non teñen venda anticipada.

*Ten en conta que para acceder a cada un dos espectáculos cada persoa debe ter unha entrada, independentemente da súa idade e de que ocupe ou non unha localidade. As idades dos espectáculos son recomendadas o que non significa que os espectadores con idades inferiores ás recomendadas non teñan que pagar localidade.

Lembra que non se permite acceder ao Auditorio e ao Salón de Actos con cocheciños ou cadeiras de bebés.

Este folleto é meramente informativo e pode sufrir variacións.

Consulta a información actualizada na web do Salón:

www.salondolibro.gal

MÉXICO

PAÍS CONVIDADO



Podesdes petiscar a mellor literatura infantil e xuvenil mexicana nas seguintes librerías:

Aviones de Papel • Cao • Clip • Cronopios • D-Lectum • La Nube de Papel • Metáfora • Naranjo • Nobel • Paz • Patakafrita • Seijas.



E, para coñecer os “platicos” do noso país convidado, ademais dos restaurantes mexicanos habituais, a hostelería pontevedresa ten preparadas, para o mes de abril, saborosas sorpresas, incorporando receitas mexicanas na súa oferta gastronómica habitual. Os locais participantes son:

A Adegas dos Avós • A Casa da Leña • A Taberna do Jazz • Asador O Ruevoiro • Badiana Tapas • Bar Timón • Barbol • Botica • Café Central • Café Moderno • Café-Bar Carabela • Cafetería Orly • Cafetería Sonata • Cánamo • Casa Verdún • Cervecería El Bruc • Cre-cotté • Dr. Livingstone • El Cafetín de la Alameda • Enoteca Boaviña • Kamal Gastroteca • La Casa de las 5 Puertas • La Casita • La Espuela • La Estafeta • La Fuga de Blas • La Gramola • La Pomada • La Posada Indiana • La Quesera • La Tienda de Clara • La Ultramar Pepe Vieira • Loaira • O Cruceiro • Pintxoviño • PonteGrill • Pontetapas • Restaurante La Cámara • Restaurante Room Pontevedra • Savoy Restobar • Sidrería Montañés • Taberna Saudade • Taberna Zentola • Tabula Rasa • Tapería El Pecado • Vetula Ponte



CANTINA MEXICANA

E no Recinto do Salón, a nosa cantina mexicana abrirá as fin de semana da man de El Mono con Sombrero e a súa food-truck.



En Pontevedra deixamos (e impulsamos) que os libros e as crianzas ocupen a cidade e a fagan súa e, por tanto, nosa.

Creemos que os libros son unha ferramenta fundamental para promover a igualdade e o respecto, para entender, cuestionar e transformar o mundo que nos rodea. Apostamos pola lectura como unha maneira de coñecer e valorar a nosa identidade, a nosa cultura, pero tamén para achegarnos a outras realidades. Por iso incorporamos —recuperamos— unha nova xanela aberta ao mundo: países e culturas convidadas coa que compartimos, intercambiamos, buscamos simbiose e sinerxias que nos enriquezan mutuamente a través das páxinas dos libros.

México é, nesta XIX edición, o noso país convidado. Non podemos sentir máis orgullo da delegación de catorce persoas que cruzan o Atlántico para traernos o mellor das súas letras, da súa arte, promoción lectora, produción editorial, que nos farán coñecer unha cultura ancestral cunha inmensa riqueza lingüística e, como non podían faltar, as cores, aromas e sabores dunha gastronomía que é xa Patrimonio da Humanidade.

Integran a delegación, coordinada por Alín Escoto, autoras do prestixio de María García Esperón, Martha Riva Palacio e Monique Zepeda, que achegarán a súa obra poética e narrativa ao público infantil e adulto a través de obradoiros, recitais e debates. As ilustradoras Valeria Gallo, Cecilia Rébora e Amanda Mijangos conducirán talleres de expresión plástica para as crianzas e participarán en encontros profesionais de ilustración e en actividades formativas co estudiantado de ilustración, deseño e banda deseñada da cidade, ao igual que o recoñecido ilustrador Gabriel Pacheco, que se incorporará á delegación na segunda semana do Salón.

As mediadoras Rocío Kuri, do Centro Cultural de España en México, e Alondra Angélica Ramírez e María Guiehooba contarán, en compañía das nosas narradoras e narradores Pavís Pavós, Bea Campos, Raquel Queizás, Paula Carballeira e Anxo Moure, historias da tradición oral mexicana, achegarannos a riqueza das 68 linguas do país e compartirán as experiencias máis singulares de promoción da lectura do noso país convidado, coma o espazo “Keren Tã” do Mercado de la Merced, unha iniciativa social e cultural que nos contará Raúl Mejía. O bocado máis saboroso da delegación virá das mans do chef Rómulo Mendoza, que nos achegará a riqueza culinaria mexicana na cea inaugural do Salón.

A nosa biblioteca verase enriquecida polos libros mexicanos que nos agasalla a Secretaría de Cultura do país convidado e polos libros que a través de Caniem, coa coordinación de Itxel Delgado, chegarán ás librerías da nosa cidade.

A colaboración entre México e Pontevedra, vai ser, sen dúbida, un camiño de ida e volta. Nesa liña, o Salón está irmanado coa FILIJ de Cidade de México, o evento de literatura infantil máis importante do país. En colaboración co Centro Cultural de España en México, iniciamos unha actividade que se chama “Libros que cruzan océanos”, na que as crianzas de Cidade de México e Oaxaca lerán, e comentarán a través da rede (YouTube, blogs, Instagram), obras de autores e autoras galegas como María Victoria Moreno, Leticia Costas, Agustín Fernández Paz, María Solar, Paula Carballeira... e mozos e mozas de Pontevedra lerán, e comentarán, obras das autoras convidadas ao Salón. Esperamos que esta edición sirva para crear pontes de palabras que nos acheguen a ambos os países, unidos por un mesmo amor á lectura. Que así sexa!

LUNS 2 de abril

12:30 h

Lectura de manifesto IBBY

Gálix, Concello de Pontevedra e Biblioteca Pública Antonio Odriozola

Lectura do manifesto do IBBY polo día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Participarán na lectura Fina Casalderrey, autora, Victor Rivas, ilustrador e Luz Gallego, libreira. Ao remate, inauguración da exposición "Invitemos a ler".

Biblioteca Pública Antonio Odriozola

XOVES 5 de abril

20:00 h

Inauguración oficial de Pintacuentos, ilustración mexicana contemporánea para a infancia

Unha mostra de 147 obras orixinais de 49 ilustradoras e ilustradores mexicanos promovida pola Secretaría de Cultura e Agencia Mexicana de Cooperación Internacional para el Desarrollo (Amexcid). Asiste Susana Pliego, Consejera Cultural de México en España.

Previamente á inauguración realizarase una visita guiada pola mostra para o estudiantado de ilustración de Pontevedra, coordinada por Itziar Ezquieta e conducida polas ilustradoras mexicanas Cecilia Rébora e Valeria Gallo.

2º andar Claustro Edificio Sarmiento
Museo de Pontevedra

VENRES 6 de abril

18:00 h

Inauguración oficial do XIX Salón Internacional do Libro de Pontevedra co concerto "Catrina e dona Francisca", a cargo da Orquestra Filarmónica Cidade de Pontevedra

Un espectáculo de música e contos que xira arredor das catrinas, iconas da cultura do noso país convidado, con máis de 100 anos de historia no folclore mexicano. Ademais da orquestra, o concerto contará coa presenza da escritora e narradora Paula Carballeira que acompañará a música orquestral composta polo compositor galego, Mario Diz e o director convidado Juan Miguel Romero Llopis.

Auditorio do Pazo de Cultura
Entrada libre ata completar a capacidade

19:30 h

● CONTACONTOS

Pavis Pavós e Raquel Queizás, en compañía das nosas contadoras mexicanas convidadas Rocío Kuri, María Guixhooba e Alondra Angélica Ramírez

Percorrerán o Salón e o encherán de contos de mulleres dunha beira e doutra do Atlántico.

21:30 h

Cea mexicana e contacontos

Directamente chegados do emblemático barrio de La Merced, en Cidade de México, o Chef Rómulo Mendoza cos fogóns e Rocío Kuri cos contos ofrecerannos un petisco de México a través dos sabores e da palabra. Que mellor maneira de coñecer un país?

Cafetería do Pazo

Público adulto con inscrición previa a través do email:
produccionosalondolibro@gmail.com
Prezo por determinar | Prazas limitadas

SÁBADO 7 de abril

10:00 – 14:00 h

● FORMACIÓN

I Jornadas Profesionais de Ilustración

Encontro de profesionais de ilustración de Galicia e México, no que en diálogo cos demais axentes do sector do libro: editorial, distribución, libreiro e da creación literaria, se analizará a situación actual da profesión e do mercado do libro ilustrado.

Salón de actos

Con inscrición previa no email:
salondolibro@pontevedra.gal

12:00, 17:00 e 18:30 h

● TEATRO

Bath time

Katarsis Educación e Teatro

Unha interpretación chaplinesca cun toque dos anos 20. Mancharse con chocolate pode ser divertido e, se é na hora do baño, moito máis! Dous amigos, unha chea de chocolate, unha bañeira e música orixinal son os ingredientes desta orixinal posta en escena para o público miúdo.

Sala de obradoiros

Espectáculo para bebés, de 0 a 3 anos

Capacidade limitada (40 bebés + 1 acompañante)

Prezo 3€ por asistente

11:30 h

● OBRADOIRO CULINARIO

Contos no Mercado

Keren Ta Merced

Na Cidade de México hai un mercado inmenso, cheo de cores, aromas e sabores: La Merced. Alí véndese froita, carne e peixe, como aquí, pero tamén saltóns e moitos outros produtos exóticos. Tamén hai un lugar onde as crianzas len, debuxan e soñan: Keren Ta. Rocío Kuri e don Raúl achegarannos os contos e as mellores receitas deste mercado amigo.

Espazo infantil do Mercado: O Ganapán

Primeiro andar do Mercado municipal de Pontevedra (rúa Serra)

A partir de tres anos

Inscricións previas no e-mail: oganapan@omercado.gal

11:30 h

● OBRADOIRO

Libros de cartón

María Guiexhooba

A partir de distintos contos indíxenas, a nosa convidada mexicana amósanos como facer libros con cartón, contando historias en lingua zapoteca que traduciremos ao galego (coa súa axuda, claro!).

A partir de 3 anos | Con inscrición previa (25 prazas)

11:30 h

● OBRADOIRO

68 voces

Alondra Angélica Ramírez

Sabedes que en México hai 68 linguas indíxenas prehispánicas? Coa nosa convidada Alondra Angélica faremos unha orixinal proposta plástica na que xogaremos e aprenderemos (só un pouquiño, non vos asustedes!) de tan enorme riqueza lingüística.

A partir de 6 anos | Con inscrición previa (20 prazas)

12:30 h

● CONTACTOS

Contos que cruzan océanos

Bea Campos, Alondra Ramírez e María Guiexhooba.

Bea Campos conducirá unha especial contada a varias voces, con historias de México que viaxaron polo Atlántico nas maletas das nosas invitadas Alondra Ramírez e María Guiexhooba.

Recinto feiral. Anfiteatro | Público familiar
Entrada libre ata completar a capacidade

12:30 h

● PRESENTACIÓN

“En un mismo barco” de Monique Zepeda

A librería Seijas acolle unha presentación-obradoiro plástico do álbum escrito e ilustrado por Monique Zepeda e editado por Fondo de Cultura Económica.

Librería Seijas. Avda. de Vigo, 13

A partir de 3 anos

17:30 h

● OBRADOIRO

Poesía debuxada

Cecilia Rébora

Sempre nos dixeron que a poesía se escribe pero...sabiades que tamén se debuxa? Experimentaremos a ser poetas visuais coa axuda da nosa convidada mexicana Cecilia Rébora.

A partir de 3 anos
Con inscrición previa (20 prazas)

17:30 h

● OBRADOIRO

Mitos ilustrados

María García Esperón e Amanda Mijangos

As nosas amigas mexicanas María García Esperón e Amanda Mijangos contarannos, con palabras e imaxes, historias maravillosas dos mitos clásicos. Nós tamén lles axudaremos a darlles forma e cor co noso maxín e lapis de cores.

A partir de 6 anos
Con inscrición previa (20 prazas)

18:00 h

● CONTACTOS

Contos que cruzan océanos

Bea Campos, Alondra Ramírez e María Guiexhooba

Bea Campos conducirá unha especial contada a varias voces, con historias de México que viaxaron polo Atlántico nas maletas das nosas invitadas Alondra Ramírez e María Guiexhooba.

Recinto feiral. Anfiteatro
Público familiar

18:00 h

● FORMACIÓN

Encontro de Valeria Gallo con ilustradores e ilustradoras en formación

Entrada de balde
Con inscrición previa no email:
salondolibro@pontevedra.gal

19:00 h

● CONCERTO

ESTREA!

Mar adiante

Odaiko e Fantoches Baj.

Baseado na obra Mar adiante de María Victoria Moreno, autora homenaxeada nas Letras Galegas.

Un espectáculo que mestura cantigas e música, danza e marionetas nunha singular travesía na que navegaremos rumbo á Illa dos paxaros. Os arroaces, o vento do norte, as mareas e as estrelas son protagonistas nesta historia que recrea o conto de Crarisca e Luceiro.

Auditorio Pazo da Cultura
Público familiar
Prezo 3 euros por asistente

DOMINGO 8 de abril

Todo o día

● CONTACTOS

Árbore ten nome de muller

Anxo Moure

Actividade de animación itinerante sobre as mulleres planta-bosques, como Wangari Maatai, coas historias de Courelña, Xacia Luviañas, a Tecedeira dos Bosques... Contos con sementes que agroman para nomear a natureza tamén en feminino.

11:30 h

● OBRADOIRO

Nun mesmo barco

Monique Zepeda

A través da creación plástica en colaxe dos personaxes do álbum “En el mismo barco” reflexionaremos coa súa autora sobre a necesidade de entendérmonos, respectármonos e sabermos que na vida, por moi diferentes que sexamos, viaxamos sempre todos e todas no mesmo barco.

A partir de 3 anos
Con inscrición previa (20 prazas)

11:30 h

● OBRADOIRO

O soño do feixón

Amanda Mijangos

A partir do conto “El sueño de una alubia” os nenos e nenas elaborarán un cartaz no que debuxen a súa planta ideal, ben da natureza ben do seu maxín, iso si, con todas as súas partes: semente, talo, follas e froitos

A partir de 6 anos
Con inscrición previa (20 prazas)

12:00 h

● CONTACTOS

Contos que cruzan océanos

Anxo Moure, Alondra Angélica Ramírez e María Guiexhooba.

Anxo Moure conducirá unha especial contada a varias voces, con historias de México que viaxaron polo Atlántico nas maletas das nosas invitadas Alondra Angélica Ramírez e María Guiexhooba.

Recinto feiral. Anfiteatro
Público familiar

13:00 h

Keren Ta Merced

Rocio Kuri e don Raúl achegarannos o arrecendo do Mercado de la Merced, en Cidade de México, nun percorrido polos sabores e aromas dun mercado único no mundo. Poderemos petiscar un anaquiño de México na nosa Cantina.

Recinto feiral
Público familiar

17:30 h

● **OBRADOIRO**

O meu libro de personaxes

Valeria Gallo

Para facer un libro hai que ter unha historia que contar pero tamén personaxes divertidos, marabillosos, sinistros, misteriosos... Crearemos un catálogo de personaxes coa axuda da nosa ilustradora convidada Valeria Gallo.

A partir de 5 anos
Con inscrición previa (20 prazas)

17:30 h

● **OBRADOIRO**

Ouveos e conxuros

Martha Riva Palacio

A poesía é unha forma de expresarnos, de contar as nosas emocións os nosos sentimentos. Pode ser, ademais, algo ben divertido. Non o cres? Proba o reto de pasares por este obradoiro da nosa autora convidada que vén desde México para achegarnos as súas obras.

A partir de 7 anos
Con inscrición previa (20 prazas)

18:00 h

● **CONTACONTOS**

Contos que cruzan océanos

Paula Carballeira e Rocío Kuri

Paula Carballeira conducirá, nesta ocasión, a contada galego-mexicana coa nosa contadora narradora Rocío Kuri.

Recinto feiral. Anfiteatro
Público familiar

19:00 h

Mulleres, ciencia e literatura

As autoras María Solar, Martha Riva Palacio e María García Esperón falarán, xunto con Luisa Martínez do CSIC, sobre a importancia da ciencia nas súas obras literarias e sobre as mulleres científicas esquecidas da historia.

Recanto da lectura
Público familiar



LUNS 9 de abril

17:30 h

● **OBRA DOIRO**

Máscaras mexicanas

Amanda Mijangos

Visitaremos a exposición “68 voces” da man da ilustradora Amanda Mijangos, veremos o filme animado da lenda tepehua “A fera que non quería ensuciarse” e cada asistente elaborará unha máscara dos animais fantásticos desta historia indíxena.

A partir de 5 e anos

18:00 h

● **FORMACIÓN**

A lectura é un arma cargada de futuro: a mediación

Acompañamento musical: Cora Sayers.

Analizaremos diversas experiencias singulares de dinamización lectora da man dos seus protagonistas: Keren Ta Merced (Cidade de México) con Raúl Mejía e Rocío Kuri, lecturas e marxinalidade con Alondra Angélica Ramírez, o libro e a diversidade lingüística indíxena con María Guiexhooba, conducidas por Mercedes Queixas Zas, docente, autora e secretaria da AELG.

Salón de actos

Público adulto

Entrada libre e, para recoñecemento de actividade, matriculación a partir da plataforma CEFORE (*)

18:00 h

● **OBRA DOIRO**

Catrinas e caveiras

Laura Carrillo

Faremos un achegamento, a través da creación plástica, a esta singular icona da cultura mexicana: as catrinas. Tamén faremos unhas caveiras moi artísticas porque queremos un obradoiro para pasalo de medo!

A partir de 3 anos

MARTES 10 de abril

17:30 h

● **OBRA DOIRO**

Libros de Cartón

María Guiexhooba

A partir de distintos contos indíxenas, a nosa convidada mexicana amósanos como facer libros con cartón, contando historias en lingua zapoteca que traduciremos ao galego (coa súa axuda, claro!).

A partir de 3 anos

18:00 h

● **FORMACIÓN**

A lectura é un arma cargada de futuro: libros para coñecer e cambiar o mundo

Acompañamento musical: Palito

Rosa Aneiros, xunto coas autoras mexicanas Martha Riva Palacio, Monique Zepeda e María García Esperón falarán das súas obras e como achegar con elas a realidade ás crianzas, conducidas por Mercedes Corbillón da Librería Cronopios.

Salón de actos | Público adulto

Entrada libre e CEFORE (*)

18:00 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN.**

Mulleres de conto

Un roteiro que percorre as instalacións do Salón, buscando, contos de mulleres, unha viaxe a México e unha lembranza especial para a nosa querida María Victoria Moreno.

MÉRCORES 11 de abril

17:30 h

● **OBRA DOIRO**

Podcasting literario

Radio Escaparate

Aprenderemos todos os segredos da radiodifusión e o podcasting, desde o guión ata a edición de audio, para crearmos o noso propio programa de radio.

A partir de 12 anos | Con inscrición previa no email: salondolibro@salondolibro.org

18:00 h

● **OBRA DOIRO**

Ilustrando contos

Cecilia Rébora

Os contos escríbense con palabras e con imaxes. Cecilia Rébora amósanos como crear historias con lapis de cores e papel.

Librería Patakafrita. Rúa José Adrio Barreiro (Pasarela)

18:00 h

● **FORMACIÓN**

A lectura é un arma cargada de futuro: a poesía

Acompañamento musical: Su Garrido Alonso

Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de LIX, reflexionará coas autoras mexicanas Martha Riva Palacio e María García Esperón sobre o valor e a recepción da poesía no lectorado infantil. Conducido por Pilar Sampedro representando a Gálix.

Salón de actos | Público adulto

Entrada libre e CEFORE (*)

17:30 h

● **OBRA DOIRO GASTRONÓMICO-LITERARIO**

Cores e bolboretas

Rocío Kuri

Por que as pedras teñen distintas cores? Voan as bolboretas cando son de papel? Destas e outras preguntas atoparemos a resposta nun obradoiro ben doce e saboroso

A partir de 3 anos

Entrada libre ata completar a capacidade

18:00 h

● **CONTACONTOS**

Contos que cruzan o océano

Alondra Angélica Ramírez e María Guiexhooba

Unha selección de historias mexicanas que as nosas convidadas trouxeron na súa maleta especialmente para os nenos e nenas de Pontevedra. Contos que atesouran culturas e linguas milenarias, seres maravillosos e moito por descubrir...

A partir de 3 anos

Entrada libre ata completar a capacidade

XOVES 12 de abril

17:30 h

● **OBRA DOIRO**

Booktubers!

Producciones Mutantes / Elefantes de Cacharrería / Ana Seoane

A rede e canles como Youtube son espazos xenias para falarmos de libros mais, que sabemos da linguaxe audiovisual? Este obradoiro ofrece sinxelos e efectivos recursos técnicos para pensar, gravar e editar o noso canle de Booktubers.

A partir de 12 anos | Con inscrición previa no email: salondolibro@salondolibro.org

17:30 h

● **OBRA DOIRO**

5 minutos de poesía

María Lado. Auga Editora

Temos unha poeta de luxo coa que imos xogar, a partir do seu libro “5 minutos” de Auga Editora e ilustrado por Nove Noel, coa poesía e coa poeta que levamos dentro. Como que non? Todos e todas temos ollos de poeta. Animádevos a ver poeticamente a vida?

A partir de 3 anos

18:00 h

● VISITA GUIADA AO SALÓN

Mulleres de conto

Un roteiro que percorre as instalacións do noso Salón, buscando historias agachadas en cada recanto, contos de mulleres, unha viaxe a México e unha lembranza moi especial para a nosa querida María Victoria Moreno, autora homenaxeada nas Letras Galegas.

Público familiar

18:00 h

● FORMACIÓN

A lectura é un arma cargada de futuro: mulleres ilustradas

Acompañamento musical: Sofía Cortés

Luz Beloso, docente e ilustradora galega, e as ilustradoras mexicanas Amanda Mijangos e Cecilia Rébora reflexionarán sobre a ilustración como forma de representar, narrar e ler o mundo.

Salón de actos | Público adulto
Entrada libre e CEFOR (*)

20:30 h

Teñamos a poesía en Paz

A poeta galega Estíbaliz Espinosa e as autoras mexicanas Martha Riva Palacio, María García Esperón e Monique Zepeda protagonizarán un recital con versos dun e doutro lado do Atlántico.

Librería Paz. Rúa da Peregrina 29

VENRES 13 de abril

10:30 - 17:00 h

I Encontro de Clubs de Lectura

Primeiro encontro de clubs de lectura xuvenís colaboradores co Salón. Unha xornada literariamente ben divertida con música de Canela Cafuné, co espectáculo "Nin fadas nin princesas", seguido dunha moi especial xincana literaria con creadores e creadoras de luxo: Leticia Costas, Fran Alonso, Tamara Andrés, Anxo Fariña e María Reimónde.

Recinto feiral
Asistencia concertada con centros de ESO e Bacharelato

17:00 h

● SINATURA DE LIBROS

Leticia Costas e Antonio M. Fraga

Recanto lector

17:30 h

● OBRADOIRO

Podcasting literario

Radio Escaparate

Emisión de radio en directo de Radio Escaparate desde o Salón. Entrevistas, reportaxes e moito máis! Queres formar parte desta primeira xeira de Radio Salón?

A partir de 12 anos
Con inscrición previa no email:
salondolibro@salondolibro.org

17:30 h

● OBRADOIRO

Cóntame outra vez...

Taller Abierto

Obradoiro para público familiar no que se reinterpreta o feito de contar contos. Nesta ocasión, recupéranse os contos tradicionais cunha nova perspectiva de xénero actualizando o papel da muller nas historias de sempre. Debuxar e narrar visualmente converte a acción de contar contos nun diálogo. Falemos!

A partir de 4 anos
Con inscrición previa (20 participantes)

18:00 h

● CONTACONTOS

Mulleres de lenda

Rocío Kuri

"Bruxas de lume", "La Ilorona", "A mulata de Córdoba"... lendas de tradición prehispánica para entendermos mellor a cultura do noso país convidado.

A partir de 6 anos
Entrada libre ata completar a capacidade

18:00 h

● FORMACIÓN

A lectura é un arma cargada de futuro. Feminismo na LIX

Acompañamento musical:
Andrea Area e David Falcón

Nesta última xornada reflexionaremos sobre o feminismo na literatura infantil e xuvenil, tanto desde a perspectiva da crítica, con Montse Pena Presas, como desde a propia creación literaria, con Leticia Costas e Antonio M. Fraga.

Salón de actos | Público adulto
Entrada libre e CEFOR (*)

21:00 h

● TEATRO

Emilia

Teatro del Barrio

Monólogo baseado na figura de Emilia Pardo Bazán. Esta é a primeira parte da triloxía "Mujeres que se atreven", para visibilizar a mulleres brillantes da nosa historia. Unha montaxe divertida, chea de forza e bravura dunha muller intelixente que, no fin do século XIX, loitou por ter voz propia.

Auditorio Pazo da Cultura
A partir de 12 anos
Prezo 3 euros

22:30 h

● CONTACONTOS

Viva a vida!

Rocío Kuri

Contos cheos de paixón, amor dor e tristeza feitos coa pintura agridoce da man de Frida Kahlo, que convidan a coñecer a maxia desta grande artista mexicana.

Taberna do Jazz. Rúa San Sebastián, 19
Público adulto

SÁBADO 14 de abril

Todo o día

● OBRADOIRO

Libro Xigante

Víctor Rivas (Shaggy Dragon Design)

Participantes e ilustradores e ilustradoras elaborarán en conxunto un libro xigante cheo de historias, debuxos e palabras que van xurdindo ao longo do día. A obra final colectiva exporase durante o resto do Salón, xunto cos Libros Xigantes das edicións precedentes.

A partir de 5 anos
Entrada libre ata completar a capacidade

11:00 - 14:00 h

● CONTACONTOS

Árbores que atrapan contos

Anxo Moure

Actividade de animación itinerante coa Ciclobiblioteca do noso amigo Carballo con Botas, chea de contos de mulleres como Coureliña, Xacia Luviñas, a Tecedeira dos Bosques... Contos con sementes que agroman para nomear a natureza tamén en feminino.

11:00 - 15:00 h

Sétima Feira

A Sétima Feira irmánase co Salón, ofrecendo unha xornada moi especial onde as Mulleres de Conto e México son os eixos desta festa da creatividade. Música, contos, arte e gastronomía para todos os públicos. Non o perdades!

O Mercado. Primeiro andar. Rúa Serra

17:30 h

● OBRADOIRO

O branco non pinta!

Apiario

Antía Otero e María Brenn achégannos unha historia sobre o branco, mais chea de todas as cores, que nos fala da importancia que ten a curiosidade polo mundo, das preguntas e das respostas.

A partir de 3 anos
Con inscrición previa

17:30 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

Cores e bolboretas

Rocío Kuri

Por que as pedras teñen distintas cores? Voan as bolboretas cando son de papel? Destas e outras preguntas atoparemos a resposta nun obradoiro ben doce e saboroso.

Recinto feiral
A partir de 3 anos
Con inscrición previa

17:30 h

● FORMACIÓN

Encontro de Gabriel Pacheco con ilustradores e ilustradoras en formación

Un dos ilustradores máis recoñecidos do ámbito internacional, Gabriel Pacheco, achegará a súa obra e os seus coñecementos e reflexións sobre a creación plástica no álbum ilustrado.

Con inscrición previa no email:
salondolibro@pontevedra.gal

18:00 h

● CONTACTOS

Unha historia de amor, pequena biografía de María Victoria Moreno

Polo Correo do Vento con Tania Solla

Contacontos ilustrado baseado na publicación de Lela Edicións, unha biografía que percorre a vida e obra da autora homenaxeada nas Letras Galegas. Palabras e debuxos para render merecido tributo a unha escritora xenial que tanto quería á nosa cidade.

A partir de 3 anos
Entrada libre ata completar a capacidade



19:00 h

● **CONCERTO**

Radio Bule Bule

Paco Nogueiras

Apetécevos vivir a radio en directo nun divertidísimo programa cheo de humor, baile e cancións? Nel hai de todo: deportes, servizos informativos, o tempo, axenda cultural. Non perdas a fantástica oportunidade de sintonizar Radio Bulebule con Paco Nogueiras e pasalo ben coas amizades. Un espectáculo baseado no libro-cd-dvd homónimo editado por Kalandraka.

Auditorio Pazo da Cultura
Público familiar
Prezo 3 euros por asistente

DOMINGO 15 de abril

12:00, 17:00 e 18:30 h

● **ESPECTÁCULO MUSICAL**

Moraima

Marcelo Dobode

Onde o bosque afonda, alí vive unha nena chamada Moraima, rodeada dun mundo máxico que nos levará a unha viaxe polos soutos. Coa música e os xogos faranos gozar, cantar e tocar o seu mundo marabilloso.

Sala de Obradoiros
Espectáculo para bebés, de 0 a 3 anos
Capacidade limitada (40 bebés + 1 acompañante)
Prezo 3€ por asistente

11:30 h

● **OBRA DOIRO**

Contos vivos que fan poesía

Antonio García Teijeiro e Anacos

Un obradoiro de poesía para toda a familia co recentemente galardoado co Premio Nacional de LIX Antonio García Teijeiro. Todo un luxo para gozarmos poeticamente na mellor compañía.

Público familiar. A partir de 3 anos
Con inscrición previa

12:00 h

● **VISITA GUIADA**

Pintacuentos

Itziar Ezquieta

A artista pontevedresa Itziar Ezquieta conduce unha visita-obradoiro á mostra "Pintacuentos", 142 obras orixinais de 49 ilustradoras e ilustradores mexicanos de literatura infantil e xuvenil. Unha viaxe ilustrada ao noso país convidado.

Museo de Pontevedra. Edificio Sarmiento 2º andar
Público familiar
Entrada libre ata completar a capacidade con reserva previa de praza no email: salondolibro@pontevedra.gal

12:30 h

● **CONTACONTOS**

María e os ollos alabarados

Xarope Tulú

Un espectáculo para todos os públicos a partir da obra de María Victoria Moreno na que a través de diversos fragmentos e relatos da súa obra ("Mar adiante", "Pan con chocolate", "Querida avoa", "Leonardo e os fontaneiros" ou "Eu conto, ti cantas") percorrermos o universo da autora: a importancia dos afectos no ámbito educativo, o respecto á natureza ou o amor polos animais.

Recinto feiral. Anfiteatro
Público familiar
Entrada libre ata completar a capacidade

13:00 h

A proxección da LIX galega no exterior

Acto organizado pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) con Antonio García Teijeiro, autor galego distinguido co Premio Nacional de Literatura Infantil e Lista de Honra de IBBY.

17:30 h

● **OBRA DOIRO CIENTÍFICO**

Que é isto?

UCC CSIC Galicia

Que é iso?, pregunta un insecto a outro ao ver brotar unha planta ao comezo do libro "¿MAU IZ IO?", da autora Carson Ellis. Neste obradoiro científico realizaremos varias actividades inspiradas por esta historia que nos presenta o ciclo da vida, esta vez dende o punto de vista do mundo diminuto dos insectos.

Público familiar (crianzas menores de 7 anos acompañadas por unha persoa adulta)
Con inscrición previa (30 asistentes)

17:30 h

● **CONTACONTOS**

Ruta propia

Raquel Queizás

Un percorrido polo universo vital e literario de María Victoria Moreno, no que aparecerán os personaxes máis senlleiros dos seus contos. Unha fantástica maneira para achegarnos á figura na nosa autora homenaxeada nas Letras Galegas.

A partir de 3 anos
Entrada libre ata completar a capacidade

18:30 h

● **CONTACONTOS**

Palabras percutidos

Charo Pita e Javier Fernández

A voz e a percusión danse a man neste espectáculo que percorrerá distintas partes do mundo buscando as historias das mulleres máis singulares e atrevidas. Unha marabillosa singradura para viaxar en familia!

Recinto Feiral. Anfiteatro
Público familiar
Entrada libre ata completar a capacidade

19:00 h

● **CINEMA NO PRINCIPAL**

A rebelión dos contos

JaKob Schuh e Jan Lachauer (2016)

Proxección a cargo do Cineclub Pontevedra

Que pasaría se Carapuchiña Vermella ou Branca de Neve fixesen fronte á súa desgraza con outra actitude? "A rebelión dos contos" é unha película baseada nunha colección de versos de Roald Dahl, na que recupera personaxes e relatos clásicos dándolles a volta introducindo xiros enxeñosos e sorprendentes. A adaptación ao cinema respecta o espírito transgresor de Dahl e vai un paso máis aló ao mesturar as historias para crear unha nova e trepidante aventura orixinal.

Duración: 60 minutos
Teatro Principal de Pontevedra
Público familiar
Entrada libre ata completar a capacidade

LUNS 16 de abril

17:30 h

● **OBRA DOIRO**

A túa muller de conto

Xogaremos coas imaxes do cartaz gañador do Concurso Internacional de Ilustración, de Ana Villegas, crearemos contos e chapas coa nosa muller preferida.

A partir de 3 anos

18:00 h

● **OBRA DOIRO**

Catrinas e caveiras

Laura Carrillo

Faremos un achegamento, a través da creación plástica, a esta singular icona da cultura mexicana: as catrinas. Tamén faremos unhas caveiras moi artísticas porque queremos un obradoiro para pasalo de medo!

A partir de 3 anos

20:00 h

● PRESENTACIÓN

“Ícaro en el corazón de Dédalo” de Gabriel Pacheco

A librería Cronopios acolle un encontro co recoñecido ilustrador mexicano Gabriel Pacheco, que vén de publicar en Fondo de Cultura Económica unha das súas obras máis singulares, “Ícaro en el Corazón de Dédalo”, artístico álbum ilustrado inspirado nas “Metamorfosis” de Ovidio e no “Ícaro” de Henri Matisse.

Librería Cronopios. Rúa Frei Xoán de Navarrete, 5

MARTES 17 de abril

17:00 h

● OBRADOIRO

Esqueletos de conto!

Unha proposta plástica de creación conxunta de esqueletos, no máis puro estilo do noso país convidado que, como xa sabemos, ten unha moi particular e positiva visión da morte.

A partir de 3 anos

18:00 h

● VISITA GUIADA AO SALÓN

Mulleres de conto

Un roteiro que percorre as instalacións do noso Salón, buscando historias agachadas en cada recanto, contos de mulleres, unha viaxe a México e unha lembranza moi especial para a nosa querida María Victoria Moreno, autora homenaxeada nas Letras Galegas.

Público familiar

MÉRCORES 18 de abril

17:30 h

● OBRADOIRO

Podcasting literario

Radio Escaparate

Aprenderemos todos os segredos da radiodifusión e o podcasting para crearmos o noso propio programa de radio.

A partir de 12 anos

Con inscrición previa no email:
salondolibro@salondolibro.org

17:30 h

● OBRADOIRO

A túa muller de conto

Xogaremos coas imaxes do cartaz gañador do Concurso Internacional de Ilustración, de Ana Villegas, crearemos contos e chapas coa nosa muller preferida.

A partir de 3 anos



18:00 h

● OBRADOIRO

Contos de cartón

Seguindo as instrucións das nosas convidadas mexicanas, realizaremos un conto con materiais de refugallo mais, desta vez, sobre mulleres da mitoloxía galega: mouras, sereas...

A partir de 3 anos

XOVES 19 de abril

10:00 e 12:00 h

● OBRADOIRO DE BANDA DESEÑADA

Historias debuxadas

Kiko Dasilva e Luis Davila

Dous indiscutibles mestres galegos da banda deseñada e o humor gráfico nun amizoso duelo dialogado sobre a linguaxe do cómic.

Salón de actos

Actividade concertada con centros de ESO e Bacharelato

A partir das 16:00 h

● FORMACIÓN

I congreso Internacional de Mediación Lectora

Inscripcións previas na web:

www.salondolibro.gal/mediacion-lectora

Salón de actos

17:30 h

● OBRADOIRO

Booktubers!

Producciones Mutantes / Elefantes de Cacharrería / Ana Seoane

A rede é un espazo xenial para falarmos de libros mais, que sabemos da linguaxe audiovisual? Este obradoiro ofrece sinxelos e efectivos recursos técnicos para gravar e editar o noso canle de Booktubers.

A partir de 12 anos | Con inscrición previa no email:
salondolibro@salondolibro.org

17:30 h

● OBRADOIRO

Ilustrando a Frida

Susana Suniaga

Achegarémonos ao universo plástico de Frida Kahlo cunha proposta en que cada participante poida realizar un debuxo que illustre algunhas das frases (seleccionada previamente) escrita por Frida Kahlo nas súas obras. Trátase de expresións positivas e optimistas que amosan unha mirada favorable do mundo malia a dor que á perseguía desde ben cativa.

A partir de 6 anos

18:00 h

● VISITA GUIADA AO SALÓN

Mulleres de conto.

Un roteiro que percorre as instalacións do noso Salón, buscando historias agachadas en cada recuncho, contos de mulleres, unha viaxe a México e unha lembranza moi especial para a nosa querida María Victoria Moreno, autora homenaxeada nas Letras Galegas.

Público familiar

20:00 h

● CONTACTOS

Contos que cruzan océanos

Rocio Kuri e Cris de Caldas

Dúas voces que nos achegarán historias dunha beira e outra do océano Atlántico, un diálogo coa riqueza e a identidade de dúas culturas ben apegadas aos contos e á tradición oral, a narrar a vida para darlle forma e entender o mundo.

Salón de actos | Público adulto

VENRES 20 de abril

A partir das 16:30 h

● FORMACIÓN

I congreso Internacional de Mediación Lectora

Inscripcións previas na web:

www.salondolibro.gal/mediacion-lectora

Salón de actos

17:30 h

● OBRADOIRO

Podcasting literario

Radio Escaparate

Emisión de radio en directo de Radio Escaparate desde o Salón. Entrevistas, reportaxes e moito máis! Queres formar parte desta primeira xeira de Radio Salón?

A partir de 12 anos | Con inscrición previa no email:
salondolibro@salondolibro.org

17:30 h

● OBRADOIRO

Eu son!

Taller Abierto

Obradoiro familiar de creación de personaxes femininos que fan traballos fundamentais na sociedade e imprescindibles nas nosas vidas: astronautas, científicas, bombeiras, enfermeiras, paracaidistas...

Espazo María Victoria Moreno

Público familiar con crianzas a partir de 4 anos

Con inscrición previa

18:00 h

● OBRADOIRO

Bookstagrammers!

Andrea Area

A todas e todos nos gusta facer fotografías e subilas ás redes sociais mais... que hai detrás dunha boa foto? Andrea Area daranos nocións básicas de composición, luz, enfoque... E que imos retratar no Salón? Libros, como non podía ser doutro xeito para abrimos a nosa canle de Bookstagrammers e compartir as nosas lecturas favoritas.

A partir de 12 anos

Inscrición previa no email:

salondolibro@salondolibro.org

19:00 h

● TEATRO

O secuestro da Bibliotecaria

Sarabela Teatro

A señorita Ernestina é a fermosa bibliotecaria da vila de Parangón. Aínda que é orfa e non ten familiares ricos os bandidos desta peza decidiron secuestrala. Pretenden xerar un caos cultural que obriague ás autoridades a pagar polo rescate da bibliotecaria. E, por se fora pouco, un tremor de terra aparece a complicalo todo.

Auditorio do Pazo

Público familiar

Prezo 3€ por asistente

19:00 h

● SINATURA DE LIBROS

Anémona de Río

Encontro coa autora do primeiro manga en galego, "TAM" editado polo Garaxe Hermético.

Recanto lector

20:00 h

● PRESENTACIÓN DE LIBRO

"A muller que durmía pouco e soñaba moito"

Biografía de María Victoria Moreno para o público infantil. Contaremos coa presenza das autoras Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre, e o director de Edicións Xerais de Galicia, Manuel Bragado.

Salón de actos

SÁBADO 21 de abril

10:00, 12:00 e 18:30 h

● ESPECTÁCULO

Pintamúsica

Viu el teatre!

Un espectáculo para bebés que achega os máis pequenos ás artes escénicas e musicais a partir dunha experiencia vivencial onde a música e a visualidade das imaxes teñen un papel protagonista para captar a atención do espectador realizando un percorrido sensorial da man de tres pintamúsicos.

Sala de Obradoiros

Espectáculo para bebés, de 0 a 3 anos

Capacidade limitada (40 bebés + 1 acompañante)

Prezo 3€ por asistente

11:30 h

● OBRADOIRO

Porque somos rabudas!

Nova Xestión Cultural

Obradoiro de piratas seguindo á pontevedresa Isabel Barreto. Sexamos Piratas por un día! Corsarios e corsarias, navegantes que exploran outros mundos. Isabel Barreto foi a primeira muller almirante dunha flota na historia de navegación. Escenificaremos a súa vida cun xogo de roles.

A partir de 6 anos | Inscripción previa

11:30 h

● OBRADOIRO

Porque somos divertidas!

Nova Xestión Cultural

Mirando con anteollos violetas. Neste obradoiro faremos gafas violetas con materiais de refugallo (cartón, plásticos...), para intentar ver a realidade con outra ollada. Nenos e nenas comentarán o que ven, cun toque violeta!

A partir de 4 anos

Inscripción previa

A partir das 10.00 h

● FORMACIÓN

I congreso Internacional de Mediación Lectora

Inscripcións previas na web:

www.salondolibro.gal/mediacion-lectora

Salón de actos

12:00 h

● FORMACIÓN

Encontro de Mafalda Milhões con ilustradores e ilustradoras en formación

A ilustradora, editora e libreira Mafalda Milhões achegará a súa obra e os seus coñecementos e reflexións sobre a creación plástica no álbum ilustrado e a súa difusión no ámbito escolar.

Con inscrición previa no email:

salondolibro@pontevedra.gal

12:30 h

● MÚSICA

Picadiscos infantil

María Faltri

Chega ao espazo cargada cunha boa lista de reprodución de música infantil en galego, una selección dos mellores temas que se publican cada ano.

Recinto Feiral. Anfiteatro | Público familiar

Entrada libre ata completar a capacidade

17:30 h

● OBRADOIRO

Porque somos rabudas!

Nova Xestión Cultural

Obradoiro de piratas seguindo á pontevedresa Isabel Barreto. Sexamos Piratas por un día! Corsarios e corsarias, navegantes que exploran outros mundos. Isabel Barreto foi a primeira muller almirante dunha flota na historia de navegación. Escenificaremos a súa vida cun xogo de roles.

A partir de 6 anos | Inscripción previa.

17:30 h

● OBRADOIRO

Porque somos divertidas!

Nova Xestión Cultural

Mirando con anteollos violetas. Neste obradoiro faremos gafas violetas con materiais de refugallo (cartón, plásticos...), para intentar ver a realidade con outra ollada. Nenos e nenas comentarán o que ven, cun toque violeta!

A partir de 4 anos | Inscripción previa

18:00 h

● CONTACTOS

Todas as mulleres dos contos

Soledad Felloza

Unha colección de historias roubadas de diarios secretos, álbums de fotos, caixas antigas e latas de bolechas de chocolate e mel. Contos con arrecendo ao lume da lareira, a tardes de choiva e a terra mollada, contos con memoria das nosas nais e as nosas avoas.

Recinto Feiral. Anfiteatro | Público familiar

Recinto Feiral

19:00 h

● MÚSICA

O camiño dos paxaros

Magín Blanco

Nun luminoso verán, un neno namorado da música goza do amor e dos bailes da súa nai. Cando esta deixa de respirar, no escuro outono, déixalle como legado unha caixiña, que lle é arrebatada por un paxaro que voa cara a latitudes máis cálidas. No frío inverno, inventores e inventoras dos lugares máis afastados veñen tratar de consolar o neno cos agasallos máis increíbles, mais el non atopa a luz en ningún deles. Espectáculo baseado no Libro CD do mesmo título editado por FOL Música.

Auditorio do pazo | Público familiar

Prezo 3€

DOMINGO 22 de abril

11:30 h

● OBRADOIRO

Animando contos

Kraken Academia

Folioscopio, taumatropo, praxinoscopio, flip book... estes nomes tan raros son xoguetes ópticos cos que podemos entender como funciona o cinema. Faremos personaxes de conto e lle daremos movemento coa técnica de animación do "stop-motion".

A partir de 6 anos | Inscripción previa

11:30 h

● OBRADOIRO

Contos luminosos

Ceo Aberto

E se os contos que escribimos e debuxamos se puidesen ler na noite sen prender a luz? Que non sabes como? Só tedes que vir a este obradoiro e experimentar coa tecnoloxía (ou é maxia?) para iluminar un conto que faremos entre todos e todas.

A partir de 4 anos

Inscripción previa

12:00 h

● VISITA GUIADA

Pintacuentos

Itziar Ezquieta

A artista pontevedresa Itziar Ezquieta conduce unha visita-obradoiro á mostra "Pintacuentos", 142 obras orixinais de 49 ilustradoras e ilustradores mexicanos de literatura infantil e xuvenil. Unha viaxe ilustrada ao noso país convidado.

Museo de Pontevedra. Edificio Sarmiento 2º andar

Público familiar

Entrada libre ata completar a capacidade con reserva

previa de praza no email: salondolibro@pontevedra.gal

12:30 h

● **CONTACTOTOS**

Pan con chocolate

Saleta Fernández

Un espectáculo baseado na obra homónima de María Victoria Moreno na que Saleta Fernández se transforma en Eva, a protagonista da historia que recolle unha chea de historias máxicas que naceron no maxín da autora homenaxeada nestas Letras Galegas.

Recinto Feiral. Anfiteatro
Público familiar

17:30 h

● **CONTACTOTOS**

Por conta delas

Andrea Bayer de Baobab Teatro.

Nais, avoas, bruxas, meigas, menciñeiras... os nosos andeis e as nosas bibliotecas están cheas de mulleres que teñen moito que contar. As súas palabras dan conforto e acubillo, fannos acordar pola mañá e durmir pola noite, fannos rir e chorar, imaxinar que outros mundos son posibles...

A partir de 5 anos
Entrada libre ata completar a capacidade

17:30 h

● **OBRADOIRO**

Animando contos

Kraken Academia

Folioscopio, taumatropo, praxinoscopio, flip book... estes nomes tan raros son xoguetes ópticos cos que podemos entender como funciona o cinema. Faremos personaxes de conto e lle daremos movemento coa técnica de animación do "stop-motion".

A partir de 6 anos | Inscrición previa

18:30 h

● **CONTACTOTOS**

Ernestina Otero, semente de igualdade, semente de liberdade

Polo Correo do Vento

Nesta ocasión, os nosos amigos Kike Mauricio e Carlos Taboada teñen acompañamento musical para achegarnos a biografía da pedagoga galega Ernestina Otero. Sesión de contos, música e debuxos en directo para falar que a loita pola liberdade tamén ten nome de muller.

Recinto Feiral. Anfiteatro
Entrada libre ata completar a capacidade



Todo o día

Actividades para celebrar o Día Mundial do Libro nas librerías pontevedresas.

As librerías da cidade ofrecerán actividades variadas ao longo de todo o día.

Librerías da cidade

17:30 h

● OBRADOIRO

XIX Mulleres de Conto

Alba Blanco

Para celebrarmos o día do libro elaboraremos un álbum ilustrado con Alba Blanco, partindo de 19 personaxes femininos dos contos clásicos. Texto e imaxe se complementan nunha proposta de creación colectiva.

A partir de 7 anos

17:30 h

● OBRADOIRO

Contos de cartón

Seguindo as instrucións das nosas convidadas mexicanas, realizaremos un conto con materiais de refugallo mais, desta vez, sobre mulleres da mitoloxía galega: mouras, sereas...

A partir de 3 anos

18:00 h

Fallo do xurado do Premio de Narrativa Xuvenil María Victoria Moreno

Concello de Pontevedra e Urco Editora.

Con presenza da concelleira de Cultura, Carme Fouces, responsables de Urco Editora e do xurado.

Recanto lector

18:30 h

● VISITA GUIADA

Polo Salón en clave María Victoria Moreno

Iremos descubriendo nos distintos recantos no Salón as claves para coñecer a figura e a obra de María Victoria Moreno. Haberá adiviñas e xogos de pistas cunha recompensa final, ben saborosa, por certo.

19:00 h

● CONCERTO

Entre autoras e cancións

Coro de Grao Elemental CMUS Manuel Quiroga

Escoitaremos cancións creadas por mulleres compositoras, poetas e escritoras de diferentes partes do mundo.

Salón de actos

12:00 h

● CINEFÓRUM NO TEATRO PRINCIPAL

Querido Tomás

Proxección e debate con Fina Casalderrey e Uxía Blanco sobre o filme "Querido Tomás", adaptación cinematográfica da obra homónima de Xosé Neira Vilas.

Actividade concertada para alumnado da ESO e Bacharelato

17:30 h

● FORMACIÓN

Escola de pais e nais

Luz Gallego

O libro e a lectura son, no fogar, unha valiosísima ferramenta para tratarmos dúbidas, conflitos, para coñecérmolos ou simplemente, para pasar un bo momento xuntos e xuntas en familia. Achegamos recursos e ideas para sacarlle á lectura o máximo partido posible.

Con inscrición previa no email: salondolibro@pontevedra.gal
Público adulto con servizo de ludoteca para as crianzas

17:30 h

● OBRADOIRO

A túa muller de conto

Xogaremos coas imaxes do cartaz gañador do Concurso Internacional de Ilustración, de Ana Villegas, crearemos contos e chapas coa nosa muller preferida.

A partir de 3 anos

18:30 h

● CONCERTO

ESTREA!

A ovella Engracia

AldaoLado e o Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra

Baseado nun texto de María Lado, este espectáculo con cancións orixinais de Lucía Aldao e música do Seminario Permanente de Jazz, foi deseñada en exclusiva para o Salón do Libro. Engracia pensa que ser ovella é moi súper aburrido. Ela come herba, durme a sesta, salta valados para adestrar... Pero iso non lle chega. O que realmente desexa a ovella é ver a lúa no alto da noite. Despois de moito pensalo, un serán consigue despistar ao rabaño e bota a andar atrás da lúa...

Auditorio do Pazo
Público familiar
Prezo 3€ por asistente



MÉRCORES 25 de abril



18:00 h

● **OBRADOIRO**

Contos de cartón

Seguindo as instrucións das nosas convidadas mexicanas, realizaremos un conto con materiais de refugallo mais, desta vez, sobre mulleres da mitoloxía galega: mouras, sereas...

A partir de 3 anos

17:30 h

● **OBRADOIRO**

Podcasting literario

Radio Escapate

Aprenderemos todos os segredos da radiodifusión e o podcasting para crearmos o noso propio programa de radio.

A partir de 12 anos

Con inscrición previa no email:
salondolibro@salondolibro.org

17:30 h

● **FORMACIÓN**

Escola de pais e nais

Dori Martínez

O libro e a lectura son, no fogar, unha valiosísima ferramenta para tratarmos dúbidas, conflitos, para coñecérmonos ou simplemente, para pasar un bo momento xuntos e xuntas en familia. Achegamos recursos e ideas para sacarlle á lectura o máximo partido posible.

Con inscrición previa no email:
salondolibro@pontevedra.gal
Público adulto con servizo de ludoteca para as crianzas

18:30 h

● **CONCERTO**

SÓ NO SALÓN!

A ovella Engracia

AldaoLado e o Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra

Baseado nun texto de María Lado, este espectáculo con cancións orixinais de Lucía Aldao e música do Seminario Permanente de Jazz, foi deseñada en exclusiva para o Salón do Libro. Engracia pensa que ser ovella é moi súper aburrido. Ela come herba, durme a sesta, salta balados para adestrar... Pero iso non lle chega. O que realmente desexa a ovella é ver a lúa no alto da noite. Despois de moito pensalo, un serán consegue despistar ao rabaño e bota a andar atrás da lúa...

Auditorio do Pazo
Público familiar
Prezo 3€ por asistente



XOVES 26 de abril

17:30 h

● **OBRADOIRO**

A túa muller de conto

Xogaremos coas imaxes do cartaz gañador do Concurso Internacional de Ilustración, de Ana Villegas, crearemos contos e chapas coa nosa muller preferida.

A partir de 3 anos

17:30 h

● **FORMACIÓN**

Escola de pais e nais

Espazo Lectura

O libro e a lectura son, no fogar, unha valiosísima ferramenta para tratarmos dúbidas, conflitos, para coñecérmonos ou simplemente, para pasar un bo momento xuntos e xuntas en familia. Achegamos recursos e ideas para sacarlle á lectura o máximo partido posible.

Con inscrición previa no email:
salondolibro@pontevedra.gal
Público adulto con servizo de ludoteca para as crianzas

17:30 h

● **OBRADOIRO**

Booktubers!

A rede é un espazo xenial para falarmos de libros mais, que sabemos da linguaxe audiovisual? Este obradoiro ofrece sinxelos e efectivos recursos técnicos para gravar e editar o noso canle de Booktubers.

A partir de 12 anos
Con inscrición previa no email:
salondolibro@salondolibro.org

18:00 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

Mulleres de conto

Un roteiro que percorre as instalacións do noso Salón, buscando historias agachadas en cada recuncho, contos de mulleres, unha viaxe a México e unha lembranza moi especial para a nosa querida María Victoria Moreno, autora homenaxeada nas Letras Galegas.

Público familiar

VENRES 27 de abril

17:30 h

● **FORMACIÓN**

Escola de pais e nais

Dori Martínez

O libro e a lectura son, no fogar, unha valiosísima ferramenta para tratarmos dúbidas, conflitos, para coñecérmolos ou simplemente, para pasar un bo momento xuntos e xuntas en familia. Achegamos recursos e ideas para sacarlle á lectura o máximo partido posible.

Con inscrición previa no email:
salondolibro@pontevedra.gal
Público adulto con servizo de ludoteca para as crianzas

17:30 h

● **OBRADOIRO**

Podcasting literario

Radio Escaparate

Emisión de radio en directo de Radio Escaparate desde o Salón. Entrevistas, reportaxes e moito máis!

A partir de 12 anos
Con inscrición previa no email:
salondolibro@salondolibro.org

17:30 h

● **CONTACONTOS**

Dramatización para crianzas de educación infantil e primaria

Alumnado de Educación Infantil e Primaria da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense

18:00 h

● **OBRADOIRO**

Bookstagramers!

Andrea Area

A todas e todos nos gusta facer fotografías e subilas ás redes sociais mais... que hai detrás dunha boa foto? Andrea Area daranos nocións básicas de composición, luz, enfoque... E que imos retratar no Salón? Libros, como non podía ser doutro xeito para abriremos a nosa canle de Bookstagramers e compartir as nosas lecturas favoritas.

A partir de 12 anos
Con inscrición previa no email:
salondolibro@salondolibro.org

19:00 h

● **TEATRO**

Rosa Caramelo

Talía Teatro

Aillada nun xardín, Margarita é a única elefanta do grupo que non consegue que a súa pel sexa de color rosa caramelo. Cando os seus pais desisten desa idea descubrirá o significado da liberdade, e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras. Un espectáculo para nenas e nenos onde se lle dá a volta a roles e estereotipos de xénero. Baseado no álbum de Adela Turín editado por Kalandraka

Auditorio do Pazo
A partir de 5 anos
Prezo 3€ por asistente

SÁBADO 28 de abril

11:30, 12:15 e 13:00 h

● **OBRADOIRO**

Mulleres de conto

Abi Castillo e Martina Dadá

A ilustradora Abi Castillo achegaralle ás crianzas a vida e obra de tres fantásticas mulleres de conto, e unha proposta plástica que os e as asistentes terán que completar para crear unha obra en conxunto.

A partir de 6 anos
Entrada libre ata completar a capacidade
Prazas limitadas

12:30 h

● **CONTACONTOS E MÚSICA**

Contos de animalario

Daboapipa

Unha viaxe polos montes, prados e camiños máis verdes que puideramos ver, chea de encontros cos animais máis maravillosos: toupas choscas, chibos enormes e ogros torpes, pombas doces e dragóns atroces, bechos estraños, cabalos azuis e cantigas de hai anos e non tantos.

A partir de 2 anos. Público familiar

17:30 h

● **OBRADOIRO**

Animando contos

Kraken Academia

Folioscopio, taumatropo, praxinoscopio, flip book... estes nomes tan raros son xoguetes ópticos cos que podemos entender como funciona o cinema. Faremos personaxes de conto e lle daremos movemento.

A partir de 5 anos
Entrada libre ata completar a capacidade

17:30 h

● **PRESENTACIÓN**

Xandra a landra que quería voar

Mercedes Queixas Zas e Paula Pereira

Presentación-obradoiro plástico do álbum de Mercedes Queixas Zas ilustrado por Paula Pereira. Da editorial Urco.

Entrada libre ata completar a capacidade

18:30 h

● **CONTACONTOS**

O pozo das señoras

Rilo e Penadique

Historias de mulleres, bruxas e lavandeiras, mulleres que comen e viven, traballan e soñan xuntas. Unha proposta ben divertida de palabra e música.

A partir de 5 anos
Entrada libre ata completar a capacidade

19:00 h

● **CONCERTO**

As que máis molan

María Fumaça

Para pór o case punto e final á edición deste Salón, que mellor que a familia musical de María Fumaça, que nos achegan unha proposta nova cos seus máis coñecidos e recoñecidos traballos, as cancións que máis molan! Unha tarde para bailar, cantar, celebrarmos a vida e gozar en familia con Manola, a Carolina, a formiguiña do mercado...

Auditorio do Pazo
Público familiar
Prezo 3€ Por asistente

DOMINGO 29 de abril

12:00, 17:00 e 18,30 h

● **ESPECTÁCULO MUSICAL**

ESTREA!

Puño Puñete

Baobab teatro

Con este espectáculo, que se estrea no Salón, achégaselle ao público miúdo unha orixinal proposta de contos, cantigas e música, convidando aos bebés e ás mamás e papás a descubrir un mundo de sensacións e emocións. Para non perder!

Sala de Obradoiros
Espectáculo para bebés, de 0 a 3 anos
Capacidade limitada (40 bebés + 1 acompañante)
Prezo 3€ por asistente

11:30 h

● **OBRADOIRO**

Animando contos

Kraken Academia

Folioscopio, taumatropo, praxinoscopio, flip book... estes nomes tan raros son xoguetes ópticos cos que podemos entender como funciona o cinema. Faremos personaxes de conto e lle daremos movemento coa técnica de animación do stop-motion.

A partir de 5 anos

Entrada libre ata completar a capacidade

11:30 h

● **OBRADOIRO**

Supermulleres

Van Divulgación

Catwoman, Wonder Woman, Super Girl... Que teñen en común todas estas mulleres de banda deseñada? Neste taller traballaremos sobre a imaxe estereotipada das superheroínas de cómic.

A partir de 5 anos

Entrada libre ata completar a capacidade

12:30 h

● **CONTACTOS**

Mulleres de Sal

Marta Ortiz

Contos que viaxaron por moitos mares, por océanos, contos que atopamos en varias culturas, que percorren o mundo e que, todos eles, son protagonizados por mulleres: aventureiras, sabias, astutas, meigas... Un mar onde habita un universo feminino, diverso, e divertido, cheo de cores!

A partir de 3 anos. Público familiar

17:30 h

● **OBRADOIRO**

Ilustrando a Frida

Susana Suniaga

Achegarémonos ao universo plástico de Frida Kahlo cunha proposta en que cada participante poida realizar un debuxo que ilustre algunhas das frases (seleccionada previamente) escrita por Frida Kahlo nas súas obras. Trátase de expresións positivas e optimistas que amosan unha mirada favorable do mundo malia a dor que perseguía á perseguía desde ben cativa.

A partir de 5 anos

Entrada libre ata completar a capacidade

18:30 h

● **CONTACTOS**

Un ronsel de ardora

Polo Correo do Vento

A ciencia tamén é cousa de mulleres e así nolo van explicar Kike e Carlos nesta sesión de contactontos, música e plástica que percorrerá a vida da oceanógrafa Ángeles Alvariño.

A partir de 3 anos

Entrada libre ata completar a capacidade



I CONGRESO INTERNACIONAL DE MEDIACIÓN LECTORA

Mulleres de conto

XIX SALÓN DO LIBRO
INFANTIL E XUVENIL DE PONTEVEDRA

Pazo da Cultura de Pontevedra: 19-21 de abril

Inscripcións a través de: www.salondolibro.gal/mediacion-lectora

Entidades organizadoras

Concello de Pontevedra

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de
Pontevedra (Universidade de Vigo)

Rede temática de investigación “Las Literaturas Infantiles
y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIJMI).
Instituto de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago
de Compostela.

Comité científico

Pedro C. Cerrillo Torremocha (Universidad de Castilla-La
Mancha), Jesús Sebastián Díaz Armas (Universidad de La
Laguna), Carmen Franco Vázquez (Liter21. Universidade de
Santiago de Compostela), Xabier Etxaniz Erle (Euskal Herriko
Unibertsitatea), Laura Guerrero Guadarrama (Universidad
Iberoamericana Ciudad de México), Ana Cristina Vasconcelos
Pereira de Macedo (Escola Superior de Educação do
Instituto Politécnico de Porto), Alice Aurea Penteado Martha
(Universidade Estadual de Maringá), Ana María Porto Castro
(ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Sara Reis
da Silva (Universidade do Minho), Blanca-Ana Roig Rechou
(LIJMI-ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Veljka
Rusicka Kenfel (Universidade de Vigo), Caterina Valriu Llinàs
(Universitat de les Illes Balears).

Secretaría

Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González
(Universidade de Vigo).

Eva Mejuto (Coordindora do Salón do Libro).



XOVES 19 de abril

Inauguración oficial

16:00-16:30 h

A investigación en Literatura Infantil e Xuvenil. Cuestión de mulleres?

Isabel Mociño. Universidade de Vigo

16:30-17:15 h

As personaxes femininas nos contos da transmisión oral

Carmen Ferreira.
ICE. Universidade de Santiago de Compostela

17:15-17:45 h

Experiencia en Cidade de México en formación en narración oral escénica para a mediación lectora. Centro Cultural de España en México

Rocío Curi

17:45-18:00 h

Descanso

18:00-19:30 h

Reescribindo contos pola igualdade: unha proposta didáctica

Verónica Pousada e Rocío García.
ICE. Universidade de Santiago de Compostela

A voz das extremas (poemas que chocan contra algo)

Carlos Negro. Docente e escritor

En movemento: liñas de desexo nas protagonistas dos contos

Sabela Gago. Membro de Sarabela Teatro e especialista na animación lectora

Taller de selección lectora en cuestións de xénero

Cristina Vázquez. Contadora e bibliotecaria

Escribir desde as emocións

Susana Aliano, autora e editora de Uruguai

19:30 h

Contada ás dúas beiras do Atlántico

Rocío Kuri (México) e Cris de Caldas (Galicia)

VENRES 20 de abril

16:30-17:00 h

Presentación do Proxecto Europa Creativa. “Gender Identity: Child Readers and Library Collections”

Veljka Kenfel

Contacontos

Ana Pereira. Universidade de Vigo

17:00-18:15 h

Mulleres de libro ao redor da mesa

Marilar Aleixandre (autora)
Mafalda Milhoes (Ilustradora)
Anaí Rodríguez (editora)
Luz Gallego (libreira)
Ana Luna (tradutora). Universidade de Vigo
Eulalia Agrelo (crítica). Universidade de Vigo

18:15-18:30 h

Descanso

18:30-20:00 h

Refuxios, portas e xanelas. Obradoiro de ilustración ao redor da representación do feminino coma o outro

M^a Ángeles Díaz Seoane

Taller de ilustración a partir do álbum Maruxa

Mafalda Milhões. Editora, ilustradora e libreira. Portugal

O álbum ilustrado como recurso didáctico

Itziar Ezquieta, Begoña Paz e Cristina Varela. Grupo REMOSS. Universidade de Vigo

Taller de dinamización lectora a partir da imaxe

Dora Batalim. Universidade Católica de Lisboa

Mulleres que corren o mundo. Propostas arredor de “Corredora”

María Reimóndez. Escritora

20:00 h

Presentación de “María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito”, de Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre de Edicións Xerais de Galicia

A cargo de Manuel Bragado

SÁBADO 21 de abril

10:00-11:00 h

As mulleres na LIJ portuguesa - algumas notas...

João Ribeiro. Escritor, editor e investigador. Portugal

11:00-11:45 h

Inclusión a través dos contos

Antonia Blanco e Ángeles Parrilla
Universidade de Vigo

11:45-12:00 h

Descanso

12:00-14:00 h

Teatro en pé (de guerra). Obradoiro de ferramentas teatrais a partir de Voaxa e Carmín

Esther Carrodeguas. Escritora, actriz, directora teatral e dinamizadora cultural

Todo o que elas nos contan (taller de poesía)

Elvira Ribeiro. Escritora

Analizando contos infantís con perspectiva de xénero: previndo o maltrato

Azucena Arias. Universidade de Vigo

Taller de narración oral. “A voz nas aulas”

Bea Campos

De mulleres e contos. Obradoiro de crítica literaria feminista

Plataforma de Crítica Literaria A Segá

EXPOSICIÓN

**NO ESPAZO DO SALÓN
(PAZO DA CULTURA)**

Coordinadas e deseñadas pola Asociación Socioeducativa e Cultural / Escola de Tempo Libre Paspallás e a artista Itziar Ezquieta.

Traballos dos centros de ensino

Obras que 60 centros de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato —na súa meirande parte de Pontevedra e arredores, pero tamén chegados doutros concellos— realizaron ao longo do curso da man do profesorado. Maquetas e libros, pinturas e ilustracións, vídeos e programas de radio que tiveron como inspiración o tema do Salón deste ano: ‘Mulleres de Conto’ así como a as obras bibliografía en torno a el elaborada por Gálix.

Ambientación xeral do Pazo da Cultura

Paspallás, Itziar Ezquieta e o arquitecto Román Corbato foron os encargados de deseñar e tecer un acolledor espazo que convida a gozar da lectura ao tempo que nos conta historias sobre as mulleres de conto e o país convidado, México.

Mulleres de Conto

Ana Villegas foi a gañadora do “1º Concurso Internacional de Ilustración” convocado por Gálix e O Salón para ilustrar esta edición. O seu traballo e os 12 finalistas, seleccionados de entre os 234 chegados de toda Galicia, o resto do Estado, Latinoamérica, Europa e Asia conforman esta fermosa exposición que pon en valor o potencial expresivo e comunicativo da ilustración.

68 Voces

Este proxecto de Gabriela Badillo dá a coñecer a riqueza lingüística (68 linguas!) e a tradición oral mexicana a través de contos indíxenas - narrados na súa lingua orixinaria - e contos contemporáneos, reinterpretados por ilustradores/as mexicanos/as.

Mulleres Encantadas

Gabinete de retratos particulares. MI (Master Ilustra). O Alumnado do Mestrado en Libro Ilustrado e animación audiovisual da Universidade de Vigo achega unha escolma de máis de 20 retratos de mulleres singulares ilustrados de estilo decimonónico acompañados de datos biográficos e anécdotas de vida e obra de xeito visual.

Pioneiras

Galegas que abriron camiño. Nuria Blanco ilustrou este libro, con texto de Anair Rodríguez e editado por Xerais. Doce mulleres que conseguiron vencer as barreiras impostas ao seu xénero e dar os primeiros pasos por vieiros transitados ata ese momento só por homes.

Os soños na gaiola

12 ilustracións de Leandro Lamas achegadas pola Fundación Manuel María para conmemorar o 50 aniversario da aparición deste valioso poemario, obra emblemática do autor, que inaugurou a poesía en galego para o público infantil.

**NO RECINTO FEIRAL
6 ao 26 de abril**

Ambientación xeral

Inspirada no país convidado, México, da man de Trisquelia Comunicación Integrada.

Cultura en Resistencia

Keren´Ta Merced (coordinada e deseñada por Capicúa). O Barrio de la Merced e o seu mercado son espazos fundamentais para entender a historia e a cultura actual da Cidade de México, Keren´Ta é un espazo de desenvolvemento cultural destinado aos fillos dos locatarios e moitas das fotografías que poderedes atopar, foron feitas polas propias crianzas do mercado.

**NO MUSEO DE PONTEVEDRA
SEGUNDO ANDAR CLAUSTRO EDIFICIO
SARMIENTO
5 de abril ao 27 de maio**

Pintacuentos

Ilustración mexicana contemporánea. Coñecemos o traballo de 49 ilustradores e ilustradoras plasmado en 147 obras orixinais, moitas delas publicadas en libros infantís e xuvenís. Entre eles, nados ao longo de 5 décadas, están pezas de Gabriel Pacheco, Valeria Gallo ou Cecilia Rébora, que estarán na nosa cidade durante a celebración do Salón.

**NA BIBLIOTECA PÚBLICA ANTONIO
ODRIOZOLA
2 ao 29 de abril**

Invitemos a ler

Inauguración o día 2 de abril ás 12:30 h

O fomento da lectura e un dos obxectivos principais do Salón dende o seu inicio. Chegada de México gozaremos de 18 pezas – gañadora e finalistas – da pasada edición do Concurso Nacional de Cartel da FILIJ (Feria Internacional del Libro Infantil y Juvenil) para convidarnos a ler con diversas propostas literarias e plásticas.

Entidades e persoas colaboradoras

Andrea Bayer
Asesoría de Bibliotecas Escolares CCEOU
Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG)
Asociación Galega de Editoras (AGE)
Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI)
ASPG
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
Centro de Formación e Recursos de Pontevedra (CEFORE)
Centros de Ensino de Pontevedra e comarca
Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC)
Cineclub Pontevedra
Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga
Deputación Provincial de Pontevedra
El Mono con Sombrero
ETL Paspallás
Fina Casalderrey
Fundación Manuel María
Gáliz
Kiko da Silva
Lali Agrelo
Laura Carrillo
Mestrado en libro ilustrado e Animación Audiovisual
Museo de Pontevedra
O Ganapán
O Garaxe Hermético
ONCE
Universidade de Vigo. Facultades de Belas Artes, Ciencias Sociais e da Comunicación e Ciencias da Educación.
Pavis Pavós
Pilar Sampedro
Raquel Queizás
Rede Temática de Investigación LIJMI. Instituto de Ciencias da Educación USC
Seminario Permanente de Jazz
Sétima Feira
Taberna do Jazz
Víctor Rivas

• • •

Un agradecemento moi especial ás institucións mexicanas:

Secretaría de Cultura: Dirección General de Publicaciones, Educal
Secretaría de Relaciones Exteriores: Embajada de México en España, Instituto Cultural de México en España, Amexcid
Secretaría de Educación Pública: Fondo de Cultura Económica
CANIEM
Feria Internacional del Libro Infantil y Juvenil Cidade de México (FILIJ)
Centro Cultural de España en México
Keren Ta, Mercado de la Merced
Chef Rómulo Mendoza

• • •

Este programa e todo o afecto do Salón do Libro vai para **María Victoria Moreno**, pola súa contribución á literatura infantil e xuvenil na nosa lingua e pola amor que espallou nesta cidade

• • •

Ás librerías de Pontevedra, ás escolas galegas e aos colectivos,
e tantas persoas que contribúen a facer realidade este Salón,

GRAZAS

Salón Internacional do Libro Infantil
e Xuvenil de Pontevedra



www.salondolibro.gal

